

AUDITORIO DE GALICIA

TEMPORADA 2016/2017

REAL FILHARMÓNIA
DE GALICIA

MANUEL HERNÁNDEZ-SILVA

Director

AMAURY COEYTAUX

Violín

23

xoves

marzo

20.30 h

CONvers@ndo con
MANUEL HERNÁNDEZ-SILVA
Director
Sala Mozart | 19.45 h



PROGRAMA

I

EDVARD GRIEG (1843-1907)

Sinfonía en do menor, EG 119

Allegro molto

Adagio espressivo

Intermezzo. Allegro energico

Finale. Allegro molto vivace

II

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

Concerto para violín en Re maior, op. 35

Allegro moderato

Canzonetta. Andante

Finale. Allegro vivacissimo

Amaury Coeytaux, violín

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 30 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que
desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecer ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

VIOLÍNS I

Adriana Winkler (Concertino)
Ildikó Oltai
(Axuda de Concertino)
Victoria Jurov **
Elina Viksne
Ilya Fisher
Michal Ryczel
Daniel Kordubaylo
Anna Alexandrova
Paula González
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Enrique Roca
Natalia Cid
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi

VIOLAS

Natalia Madison *
Timur Sadykov **
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Carlos García
Thomas Piel
Millán Abeledo
Ailsa Lewin

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES

Avelino Ferreira *
Verónica Cruz (R)

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Azucena Miras ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Adrián Lavía (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llåtser **

TROMBÓNS

Esteban Méndez (R)
Juan Luis Novo (R)
Marcos Dorado (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

Manuel Hernández-Silva Director

Graduouse no Conservatorio Superior de Viena con matrícula de honra na cátedra dos profesores Reinhard Schwarz e Georg Mark. No ano da súa diplomatura gañou o concurso de dirección Forum Jünger Künstler, convocado pola Orquestra de Cámara de Viena, dirixindo a esta formación na Konzerthaus da capital austríaca.

Ten dirixido en grandes festivais internacionais e é un convidado habitual das orquestras españolas e estranxeiras. Foi director titular da Orquestra de Córdoba e principal director invitado da Orquestra Simón Bolívar de Caracas, coa que traballou intensamente durante máis de cinco anos. Na actualidade é director titular e artístico da Orquestra Filarmónica de Málaga e director musical da Orquestra Joven de Andalucía.

O mestre Hernández-Silva ten desenvolto unha importante actividade docente, impartindo cursos internacionais de dirección e interpretación, así como numerosas conferencias. Todo isto valeulle o recoñecemento dos músicos cos que ten traballado, o do público e o da crítica especializada. Como director convidado ten levado a batuta das orquestras Sinfónica de Viena, da Radio de Praga, Sinfónica de Israel, Filarmónica de Seúl, Nord-Tschechische Philharmonie (República Checa), Sinfónica de Karlsbad (Alemaña), Filarmónica de Olomouc (República Checa), Sinfónica de Puerto Rico, Nacional de Chile, Sinfónica de Venezuela, Filarmónica de Bogotá, Sinfónica Nacional de México, Municipal de Caracas, Sinfónica Simón Bolívar (Venezuela), Orquestra Sinfónica de Wuppertal (Alemaña), Filarmónica Janáček (República Checa).

En España ten dirixido á Real Filharmonía de Galicia, Oviedo Filarmonía, Orquestra Ciudad de Granada e ás orquestras sinfónicas de Murcia, Vallès, Bilbao, RTVE, Tenerife, Castilla y León, Principado de Asturias, Comunidad de Madrid, Navarra e á Orquestra Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya.

Amaury Coeytaux Violín

Recoñecido como un dos máis dotados e prometedores músicos da súa xeración, o violinista francés Amaury Coeytaux ten cativado o corazón do público arredor do mundo coa súa sensibilidade musical e a súa impecable técnica.

Gañador do Concurso Rodolfo Lipizer de 2006, foi obxecto de aclamación internacional despois de facerse co Primeiro Premio e outros seis galardóns especiais polas súas impactantes interpretacións. Ademais, conseguiu primeiros premios nos concursos Eisenberg-Fried 2007-08, Concurso Internacional de Cordas Julius Stulberg, Rosalind & Joseph Stone Berg Philharmonic Competition en 2004, a Waldo Mayo Violin Competition en 2004, o Royaume de la Musique Competition de 1997 e o Musee Bonnat Prize á mellor actuación de música de cámara da Academia Maurice Ravel en 2002. Xa de neno exhibía un talento precoz. Fixo a súa primeira aparición pública cunha orquestra aos nove anos, e aos once a súa interpretación da 3ª *Ballade* de Eugène Ysaÿe foi emitida en directo por Radio Francia. En 2004 debutou no Carnegie Hall, tocando o Concerto de Brahms baixo a dirección de David Gilbert. Despois disto foi convidado a dar concertos en todo o mundo: Francia, España, Ucraína, Bulgaria, Alemaña, Italia, Suíza, Canadá, Estados Unidos, Corea do Sur, Xapón... Recentes compromisos inclúen aparicións en concerto con orquestras de Roma, Ucraína e Romanía, así como a Orquestra Nacional do Capítole de Toulouse; novos recitais no Carnegie Hall e no Kennedy Center, CBC Radio de Ottawa e TF1 da televisión francesa.

Altamente apreciado como músico de cámara, ten participado en prestixiosos festivais como o Santa Fe Chamber Festival, Festival de Deauville e Festival de Corde-sur-ciel; xunto a colaboracións con prominentes artistas como Joseph Silverstein, Pinchas Zukerman, Michael Tree e a maioría dos solistas franceses.

Empezou a estudar violín a unha idade temperá, aos trece anos ingresou no Conservatorio de París, onde se licenciou cos máximos honores; e continuou na Escola de Música de Manhattan, onde obtivo o Master degree e o Artist Diploma. Os seus principais mestres foron Micheline Lefebvre, Jean-Jacques Kantorow, Patinka Kopec e Pinchas Zukerman.

Dende setembro de 2008 foi concertino e solista principal da Orquestra de Auvergne e dende 2012 ocupa o mesmo posto na Orquestra Nacional de Radio Francia. Toca un violín Guaragnini de 1773.

O célebre violinista noruegués Ole Bull, descubriu o xenio musical de Edward Grieg e convenceu os seus pais para que o enviaran estudar a Alemaña onde foi aceptado no prestixioso Conservatorio de Leipzig en 1858. Alí estudou piano con Ignaz Moscheles e composición con Carl Reinecke. En 1863, instálase en Copenhague e coñece os dous compositores daneses máis famosos da súa época, Peter Emilius Hartmann e Niels Gade, quen será o seu novo mestre e lle aconsellará escribir unha obra sinfónica. Así Grieg compón a *Sinfonía en do menor*, rematada en maio de 1864, cuxos tres últimos movementos estrea nos xardíns do Tívoli de Copenhague. Despois da última audición da obra completa en 1867, Grieg advirte ao seu editor que non debía ser interpretada nunca, pois pertencía a un período da súa vida xa superado. Foi recuperada en 1981 no Festival Internacional de Bergen, interpretada pola propia Orquestra Sinfónica baixo a dirección de Karsten Andersen. Pertencente a unha etapa anterior ao período nacionalista, reflicte a influencia de Schumann e Mendelssohn, pero tamén a de Brahms e, mesmo en certos momentos, a de Chaikovski. Unha introdución con fortes acordes do metal abre o primeiro movemento no que violas e clarinetes presentan o tema principal. O segundo tema é dun gran lirismo, próximo a Chaikovski e con elementos que avanza a melancolía nórdica de Sibelius. Tras o desenvolvemento, os temas repítense na recapitulación, terminando cunha brillante coda. O *Adagio espressivo* está composto en forma de *rondo* e o seu tema principal é dun delicado lirismo, combinada cos máis dramáticos temas intermedios. O terceiro movemento ten forma de *scherzo* con sabor a unha danza norueguesa e cuxo trío tamén posúe o carácter de melodía folclórica, terminando cunha enérxica coda. A forza do último movemento deriva do seu primeiro tema de grande enerxía puntuado polos metais. O desenvolvemento baséase principalmente nos elementos do tema principal. Despois da clásica recapitulación, a coda comeza co segundo tema, finalizando dunha forma vitoriosa que lembra a Beethoven.

A amplitude e xenerosidade creativa, o seu sentido da expresión melódica xunto á demostración, sen falso pudor, do compoñente autobiográfico vinculado á súa música, outorgaron a Piotr Ilich Chaikovski gran popularidade, a pesar dalgúns fracasos iniciais como o obtido en Viena en 1881 na estrea do *Concerto en Re maior para violín e orquestra Op. 35*. O concerto data de 1878, unha época na que o compositor abandona o Conservatorio de Moscova e fracasa no seu recente matrimonio con Antonina Ivanovna Miliukova, quen pensou lle axudaría a disimular a súa homosexualidade;

todo lle provoca unha gran depresión que o leva a un intento de suicidio. Para recuperar a saúde, trasládase a Clarens, Suíza, buscando paz e calma e alí comeza a recibir a axuda económica da mecenas Nadezhda von Meck, ademais dunha pensión vitalicia do tsar Alexandre III de Rusia, devoto da súa música. Tales estímulos renovaron a tranquilidade e a confianza do autor para continuar compondo; así, xorde este concerto coa colaboración do virtuoso violinista ruso Josef Kotek, quen inicialmente se compromete a estrealo. Cando Kotek cancela o compromiso, o compositor dedica o concerto a Leopold von Auer, pero este, tras revisalo, dille a Chaikovski que a obra é antiviolinística e inexecutable. Finalmente, foi interpretado por Adolf Brodsky e a Filharmónica de Viena, e dirixida por Hans Richter, o verdadeiro impulsor da estrea. A obra desenvólvese nun clima poético coa melancolía eslava como testemuña. Chaikovski combina tímidas pausas de recollemento vaticinadoras de traxedia con repentinas expresións rítmicas e colorísticas, que constitúen a outra cara da súa contraditoria personalidade. Nas fases máis vitais apréciase o gusto de Chaikovski pola danza, desde a española ao aceso ritmo de *gopak*. Con todo, os heteroxéneos elementos que forman a obra non posúen nunca un carácter poético, pois a presenza de motivos de conexión garante a continuidade narrativa da mensaxe musical na que tan só hai cambios drásticos de estado de ánimo, de meditacións dolorosas e de impulsos de alegría que a crise existencial do músico parecía negarlle. Deste xeito, o concerto, lonxe de ser consecuencia dun sentimentalismo fácil, débese a unha serie de contradicións fatais que o introducen na produción de Chaikovski como unha especie de confesión persoal. O *Allegro* indica o terreo lírico e virtuoso no que se atopa a obra. O solista expón un tema melódico, apaixonado, suxerido antes polos violíns, e exhibe o virtuosismo técnico nunha magnífica cadencia, chea de arpejos, rápidas escalas e trinos que finalmente se confunden no rumor orquestral. O segundo tema, *Canzonetta-Andante*, é unha peza cantábil moi bela. As cordas expoñen docemente a melodía, que logo repite o violín marcando a nostalgia e o ton romántico que domina en gran parte da partitura. Frauta e clarinete deixan tamén percibir o seu eco, con suaves harmonías ata construír un suxestivo diálogo co violín. A *Canzonetta* está ligada ao movemento final, un *Allegro vivacissimo* con elementos de danzas populares eslavas, novas demandas virtuosísticas e un brillo orquestral asombroso.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Sábado 25 de marzo

18.30 h

Descubre unha orquestra para ti, a túa!

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Manuel Hernández-Silva Director

E. Grieg Sinfonía en do menor

Venres 31 de marzo

20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Maxim Emelyanychev, Director e piano

W. A. Mozart

O rapto no serrallo. Abertura K. 384

Concerto para piano e orquestra núm. 25 en Do maior K. 503

Sinfonía núm. 38 en Re maior, K. 504 *Praga*

Xoves 6 de abril

19.45 h

Conversando con Jonathan Webb

20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jonathan Webb, Director

Sam Furness, Tenor

B. Britten Les Illuminations op. 18

D. Shostakovich Sinfonía núm. 10 en mi menor

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 57 10 26

T 981 57 39 79

OFICINAS

T 981 55 22 90

T 981 57 41 52

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia

@CCultura

